

“O perreo ata abaixo pero a autoestima no ceo”: así é ‘Tola’, o novo sinxelo de Fillas de Cassandra que se publica este venres 28

O dúo lanza unha advertencia en forma de reggaeton no que chama a facer da noite e dos locais de festa espazos propios e seguros para as mulleres



27 de xullo de 2023.- Fillas de Cassandra lanza mañá, 28 de xullo, o seu novo sinxelo, **Tola**, un tema bailable, en forma de reggaeton, e que reivindica a noite e os locais de festa como espazos propios e seguro para as mulleres. A peza, habitual nos directos da banda, poderase escoitar **a partir das 00:00 horas deste venres nas principais plataformas dixitais.**

MaríaSOA e Sara Faro alíanse de novo con Berto -produtor do seu LP *Acrópole*- para sorprender ao público co seu lado máis bailable e urbano, sen perder parte da súa esencia: a reivindicación, propia e colectiva, dos éxitos acadados e dos espazos conquistados. *Tola* -un tema anterior a *Acrópole*- mudou en varias ocasións, desde a súa concepción e até a súa publicación, ata acadar a edición final que se lanza este venres 28. O resultado, unha canción que se pode inserir no contexto do lecer nocturno e cun discurso do que se poden apropiar as mulleres, e cun retrouso no que salienta unha sentenza: “o perreo ata abaixo pero a autoestima no ceo”.

“Queríamos facer un tema distendido, cun ritmo bailable, e que puidese formar parte do ocio nocturno, un ambiente que moitas veces é hostil para as mulleres e que queremos sentir coma un espazo seguro”. Así, *Tola* parte da propia experiencia das autoras e de tantas mulleres que, en discotecas ou recintos vinculados ao ocio nocturno, sofren actuacións machistas. A letra, neste sentido, é explícita: “*non te pegues tanto, non quero movida*”, “*non te raies tío, non. Perreo sola*”, “*impórtame unha merda que te boten fóra*”.

“Con *Tola* o que pretendemos é reapropiarnos dese termo que moitas veces se emprega contra as mulleres. Nós o que queremos é bailar, ser rebeldes, gozar, perrear, estar soas, coas amigas, sen máis. Queremos que *Tola* motive e dea forzas ás mulleres a cantar, bailar e experimentar desde outro lugar”, apuntan María e Sara.

SOBRE FILLAS DE CASSANDRA

María Pérez (MaríaSOA) e Sara Faro son Fillas de Cassandra, creadoras e protagonistas dunha proposta rotunda, marcada por unha potente sonoridade capaz de chegar e conectar con todos os públicos, como así demostraron xa nos seus directos ao longo dos últimos meses. O dúo toma coma referencia o mito de Cassandra, muller á que se lle negou á voz, e lembran que elas son porque antes houbo quen loitou, quen deu vida. É así como nace Fillas de Cassandra. A voz, as percusións, o piano e os sintetizadores son os fíos cos que o dúo tece as súas composicións, que beben tanto da música e das coplas tradicionais coma da música clásica ou do pop, e que agroman dun xeito natural acompañadas dunhas contundentes bases electrónicas.

O pasado mes de febreiro publicaron nas principais plataformas dixitais *Acrópole*, un álbum conceptual no que Fillas de Cassandra viaxa polos textos clásicos para poñer en relación ás personaxes da mitoloxía grega co mundo actual, ao que devolven unha ollada feminista e contemporánea a través da música. O traballo, producido por Berto e publicado da man de Tremendo Audiovisual, fía a súa narración a través de oito relatos actuais que asocian ás figuras de Antígona, Cassandra, Dafne, Eco, Pandora, Syrinx ou mesmo Lisístrata.

Nas últimas semanas, nas que Fillas de Cassandra está a percorrer numerosos escenarios, o dúo sorprende ao público co lanzamento de dous novos temas: *Tataravoa*, unha muiñeira electrónica producida por Galician Army, e o seu novo sinxelo: *Tola*.

Contacto de prensa

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321 | prensa@theofficeco.es

Management & contratación

Tremendo Audiovisual

Manuel Tarrío - 629 041 750 | info@tremendoaudiovisual.com

Descarga o [kit de prensa](#) de Fillas de Cassandra.

Para máis información, visita www.fillasdecassandra.eu.